



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2023

Na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Presidente da Fundación de Deportes D. Carlos Cora Lojo, asistido pola Sra. Secretaria Xeral Dna. Rosa Losada Suárez, e estando presente a Sra. Interventora Accidental Dna. María Bermúdez Outón, reúnense en 2º convocatoria, os membros que abaixo se relacionan co seguinte orde do día:

Designados polo pleno:

Presidente : D. Carlos Coira Lojo

Dna. Paola Maria Mochales (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE)

Dna. Alvaro Carou (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE)

Dna. Elena Suárez Sarmiento (polo Grupo Municipal P.P.)

Dna. Marta Ferradáns Padín (polo Grupo Municipal P.P.)

Consello Consultivo:

Presidente: D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Club Xadrez Fontecarmoa)

Vicepresidente: D. Ángel Cardalda Mosquera (Club Vilagarcía, S.D.)

Secretario: D. José Luis Peso Teodosio (Club Deportivo Pérez-Sub)

Vogal: D. Manuel Abalo Portas (Club Arosa, S.C.)

Representantes designados pola Alcaldía:

D. Jacobo Suárez Vázquez

D. Isidoro Canabal Durán

Secretaria: Dna. Rosa Losada Suárez

Interventora: Dna. María Bermúdez Outón

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco





1.- CONSTITUCIÓN DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES).

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse lectura ao artigo 10 dos Estatutos do Organismo Autónomo Local de Deportes, Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa que dí literalmente o seguinte: “ artigo 10: Consello Reitor. Composición.- O Consello Reitor é o órgano máximo de goberno da Fundación de Deportes e estará composto por:

O Presidente, que será o Concelleiro delegado que teña atribuídas as competencias sectoriais en materia de deportes.

Conselleiros con voz e voto, ata un máximo de quince.

- Dos que oito serán designados polo Pleno do Concello a proposta dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal, e na mesma proporción que ostenten ditos grupos políticos no Pleno do Concello de Vilagarcía (dentro dos que se inclúen o presidente e vicepresidente). En todo caso haberá un membro por cada grupo político con representación no Concello de Vilagarcía (que poderán ser ou non membros da Corporación).
- Dos que dous serán designados polo Alcalde-Presidente entre persoas relacionadas coas actividades propias do organismo autónomo local.
- Cinco representantes elixidos polo Consello Consultivo do Deporte, dos cales catro teñen que ser elixidos entre os Clubes/Entidades Deportivas.
- Asistirán as sesións do Consello Reitor con voz pero sen voto, para o exercicio das súas funcións:

1. O Director Deportivo

2. O/a Secretario/a do Concello de Vilagarcía ou empregado público delegado.

3. O/a Interventora do Concello de Vilagarcía ou empregado público delegado.”



Por D. Carlos Coira Lojo, presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, en virtude da delegación feita polo Sr. Alcalde con data 31/08/2023, da a benvinda aos membros do Consello Reitor que asisten a esta sesión constitutiva.

Presidente: D. Carlos Coira Lojo

Vogais:

Representantes nomeados polo Concello Pleno:

D. Carlos Coira Lojo (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE)

Dna. Paola Maria Mochales (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE)

Dna. Alvaro Carou (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE)

Dna. Elena Suárez Sarmiento (polo Grupo Municipal P.P.)

Dna. Marta Ferradáns Padín (polo Grupo Municipal P.P.)

Representante nomeados polo Consello Consultivo:

D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Club Xadrez Fontecarmoa)

D. Ángel Cardalda Mosquera (Club Vilagarcía, S.D.)

D. José Luis Peso Teodosio (Club Deportivo Pérez-Sub)

D. Manule Abalo Portas (Club Arosa, S.C.)

Representantes designados pola Alcaldía:

D. Jacobo Suárez Vázquez

D. Isidoro Canabal Durán

Asemade dáse conta das excusacións da súa asistencia de: Dna. Tania García San Martín (polo Grupo Municipal PSDEG-PSOE), D. Jose MANUEL Oubiña Fernández (polo Grupo Municipal B.N.G.), D. César Roo Maneiro (polo Grupo Municipal E.U.).

Despois dunhas breves palabras de salutación por parte do Sr. presidente dáse por constituído o Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, cos membros presentes, antes citados, e dáselle a estes posesión dos seus cargos.

2.- ELECCIÓN DUN/HA VICEPRESIDENTE/A DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse lectura ao art. 10 2º parágrafo dos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes no que establece que o Consello Reitor estará integrado, entre outros polo Vicepresidente/a, elexido polo Consello Reitor de entre os seus membros que teñan a condición de Concelleiro.



Interven o Sr. presidente que propón como candidato/a a vicepresidente a: D. Alvaro Carou García do Grupo Municipal PSDEG-PSOE.

Finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de nove votos a favor dos Sres/as: , Paola, Abalo, Vilas, Peso, Cardalda, Isidoro, Jacobo, Carou e Sr. Serén, ningún voto en contra e, dúas abstencións das Sras. Suárez e Ferradáns, polo que o Consello Reitor acorda designar Vicepresidente do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a D. Alvaro Carou García.

3.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

Pola Sra. Secretaria Xeral dáse lectura ao art. 12 dos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes, que dí literalmente o seguinte: “Artigo 12: Consello Reitor: Funcionamento.- O Consello Reitor da Fundación de Deportes celebrará sesión ordinaria unha vez ao trimestre e extraordinariamente cando así o acorde o seu presidente/a ou o solicite un terzo dos componentes do Consello Reitor (que deberá celebrarse nun prazo máximo de sete días hábiles á solicitude).

En todo caso o Consello reitor reunirase para aprobar a proposta de orzamento e os programas de actuación para o exercicio seguinte no último trimestre do ano.

A convocatoria, xunto coa orden do día, entregarase aos membros do Concello Reitor con dous días hábiles de antelación, como mínimo, salvo supostos de urxencia debidamente motivados.

Para a válida constitución e celebración de sesións do Consello Reitor se require a asistencia da metade máis un dos membros. En segunda convocatoria, que terá lugar media hora despois da sinalada para a primeira celebrarse sesión sempre que asista unha terceira parte dos seus membros en número non inferior a tres. É sempre necesaria a presenza do Presidente/a e do secretario/a ou empregado público que legalmente o sustitúa.”

Polo que de acordo co citado artigo, deberá celebrarse sesión ordinaria unha vez ao trimestre, tendo que decidir os membros do Consello Reitor, mes, semana, día e hora das sesións ordinarias e, no que da 1ª a 2ª convocatoria debe transcurrir media hora.

Sr. Presidente pregunta aos membros do Consello Reitor si teñen algunha proposta e manifesta que el considera que as sesións poderían celebrarse, o primerio xoves do primeiro mes de cada trimestre (Xaneiro, abril, xullo e outubro) e, que o horario das sesións fora ás





19:30 horas para a primeira convocatoria e ás 20:00 horas para a segunda. Así como sinala que sí todos os membros están de acordo, a 2ª convocatoria comezará unha vez estén presentes un tercio dos membros, para poder axilizar a sesión.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Que se celebren sesións ordinarias o 1º Xoves hábil, do primeiro mes de cada trimestre (xaneiro, abril, xullo e outubro) e, o horario de: 1ª convocatoria, ás 20:30 horas e, 2ª ás 21:00 horas (ou no momento de estar presente un tercio dos membros).

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO DOUS DE FEBREIRO AO VINTE E OITO DE ABRIL DO ANO 2023.

Pola Secretaria se indica que actualmente a Interventora da FPSDM é a Interventora do Concello, é decir, Maria Bermudez Outón.

Pola Sra. secretaria dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do seis de febreiro ao vinte e oito de abril do ano 2023, relativas a:

Mes de maio :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 02/05/2023** -“1.- Autorización a D. Diego Negro Rodríguez, en representación da Agrupación Deportiva Escolas, Terras do Ulla-Umia, o uso do Estadio de Atletismo, o vindeiro día 3 de maio do presente ano, de 9:00-14:00 horas.
2.-Comunícarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:
a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).



b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

4.- Comunicarlles que a cesión das instalacións durante toda a tempada é exclusivamente para a actividade autorizada, non podendo ser utilizado para calquera outra actividade. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Trasladar ao Servizo do Auditorio do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración coa cesión dun equipo de son, para a súa aprobación se procede.”

- **2ª Resolución con data 05/05/2023** -“1.- Autorización ao ATLÉTICO FAXILDE C.F., o uso do Campo de Fútbol Municipal da Pelada, para a celebración dos torneos: II TORNEO ALEVÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello así como a cesión de dúas casetas-vestiario que se atopan no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e 25 valados de plástico do Recinto Fexdega e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de 2 carpas, 100 cadeiras, 80 valados, 6 mesas grandes con bancos e un palco de 12x1.





- Concellería de Medio Ambiente, a cesión de 3 colectores de lixo.
- Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Conceder ao devandito club 8 trofeos, para entrega de premios aos participantes no citado evento, presentando presuposto da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe de 101,25 €. (I.V.E. incluído).

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa



cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **3ª Resolución con data 05/05/2023** -“1.- Autorización ao CLUB BALONMAN AROUSA, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do I TORNEO XUVENIL DE BALONMAN SANTA RITA, 2023, que se vai lebar a cabo o vindeiro día 6 do presente mes de 9:00-21:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Faise constar que xa se dou traslado ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a cesión de 3 carpas, 3 mesas e 15 cadeiras, para a súa aprobación, se procede.

4.- Faise constar que o citado club xa presentou o listado de licenzas federativas dos participantes no devandito evento, polo que se considera un evento federado e xa están cubertos polo seguro da da citada licenza, cumprindo o indicado na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración do citado evento deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.





6.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Conceder 6 trofeos para a entrega de premios aos participantes no citado Torneo, solicitando presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. por importe de 75,00 € (IVE incluído)

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **4ª Resolución con data 08/05/2023** -“1.- Concesión ao CLUB DE REGATAS GALICIA 1 trofeo para o gañador TROFEO SANTA RITA CLASE CRUCEROS ORC, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 60,00 € (IVE incluído).

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 2 carpas cos seus laterais para o agape dos participantes.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración con una embarcación durante o desenvolvemento da devandita proba.

- **5ª Resolución con data 08/05/2023** -“1.- Autorización á Federación Galega de Deporte Adaptado (FGADA), o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para a celebración do CAMPIONATO GALEGO DE ATLETISMO DE DEPORTE ADAPTADO ANO 2023, que se vai levar a cabo o vindeiro día 10 do presente mes, de 10:00-14:00 horas.

2- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3-- Aprobar a cesión de diverso material e equipamento deportivo de Atletismo: pistola para salidas e vals, tacos de saída, cintas marcadoras para proba de lanzamento e



salto de lonxitude, bolas de peso, liston para salto de altura, saltómetro, testigos para relevo, rastrillo, cinta métrica para saltos e lanzamentos, para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, cesión dun podium para entrega de premios, 3 mesas e 3 carpas.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cunha ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios.
- Departamento da Policía Local, para o acotamento dunha zona de parking par Autobuses.

Debido a falta de persoal e tempo para o procedemento habitual de dar traslado a Xunta de Goberno Local da reserva de acotamento dunha zona de parking, neste caso prodeseuse o envío dun correo electrónico ao citado departamento da Policía Local para informe favorable sobre a citada solicitude.

5.- Aprobar a adquisición de picnics e augas para os participantes do devandito Campionato.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).





- 8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”
- **6ª Resolución con data 09/05/2023** -“1.- Autorización a ASOCIACIÓN DE DISMINUÍDOS PSÍQUICOS CON ELES, o uso do pavillón N°1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os luns de 12:00-13:00 horas ata o mes de xuño do presente ano, e os martes e xoves terán que adecuarse a dispoñibilidade da instalación xa que non poden especificar neste momento os días e horario que precisan.
2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións durante toda a tempada é exclusivamente para a actividade autorizada, non podendo ser utilizado para calquera outra actividade. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.
4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”
 - **7ª Resolución con data 15/05/2023** -“1.- Autorización á Asociación Deportiva 6D o uso do Campo de Herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “XI CAMPUS INTERNACIONAL DE FÚTBOL PABLO COIRA”, a semana do 3 ao 7 de xullo do presente ano, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:30 18:00 horas. O horario de apertura da citada instalación en tempada estival de luns a venres e de 9:00-13:30 horas e de 17:00-23:30 horas, polo que se xenerará a realización ½ hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.
2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
3.- Autorizar o uso dunha caseta de obra existente na propia instalación para gardar o material do citado Campus.
4.- Aprobar a cesión de 1 xogo de porterías Fútbol 8 e un xogo de porterías de Fútbol 11 para a súa colocación no campo de herba do Estadio de Atletismo, así como os 2 xogos de porterías de Fútbol 8 que xa dispón o Campo de Fútbol Manuel Jiménez





Abalo e a cesión de publicidade institucional para colocar durante a celebración do citado campus. Debendo levarse a cabo a súa colocación e retirada por Persoal Municipal, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- Establécese o 50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
- Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 10 becas (de 100 prazas ofertadas), para a inscrición de oito alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

6.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Campo, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima	% S/Ingresos
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores..... 6,00	10%
Instalacións interiores..... 9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

Polo que deberá ingresar previo uso da citada instalación, as cotas do prezo público correspondentes conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor





e de acordo ao sinalado nos parágrafos anteriores, por importe total de 179,88 € (50% dun total de 268,52 €, polo uso dos 2 campos de fútbol, de 20 horas a 6,00 €/hora cada campo, 5 horas fora de horario a 6,60 €/hora cada campo, 2 ½ horas extras dun operario-conserxe a 11,41 €/hora. Que deberán ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). Quedando pendiente de ingresar o 5% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.



8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **8ª Resolución con data 15/05/2023** -“1.- Non se pode ceder ao Club Arosa S.C., un local no Campo de Fútbol Municipal A Lomba, dado que, non hai ningunha sala vacía para poder destinar a tal fin.

2.- Comunícaselle que o Pavillón Nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dispón dun Ximnasio de Musculación, para o uso dos Clubes/Entidades Deportivas da Fundación de Deportes que o soliciten , debendo cumprir coas seguintes normas:

- Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos atletas no ximnasio.
- Uso obrigatorio de toalla de cada usuario.
- Desinfección das superficies de contacto de cada máquina e banco, despois do seu uso.”

- **9ª Resolución con data 18/05/2023** -“1.- Autorización ao Club Vilarousa de Ximnasia Rítmica o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do V TORNEO DE XIMNASIA RÍTMICA, o vindeiro día 17 de xuño do presente ano de 8:30-19:30 horas, e o sábado día 16 pola tarde para levar a cabo o montaxe.

Comunicarlle que no relativo a concesión de medallas para os participantes no evento, deberá indicar a cantidade das mesmas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a realización do transporte dos tapices ao Complexo e o seu regreso, a cesión de 2 mesas e valadas altas do Recinto Fexdega, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das





dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión de 3 mesas de palco con diferentes alturas para facer un podium.

- . Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- 6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

- 6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

- 6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.



7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **10ª Resolución con data 18/05/2023** -“1.- Autorización ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso do pavillón N° 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “CLINIC ADESTRADORES”, dirixido a adestradores, alumnado dos Ciclos Formativos Técnico Deportivo de Baloncesto e mestres, os vindeiros días 16 e 17 de xuño do presente ano, no horario que a continuación se indica:

<u>DÍA</u>	<u>HORAS</u>
16/06/23	16:00-21:00 horas
17/06/23	09:30-14:00 horas 16:00-20:30 horas

Comunicaselles que non se pode autorizar o pavillón N° 1 do citado Complexo, dado que esta autorizado para a celebración dun evento deportivo.

2.- Comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **11ª Resolución con data 29/05/2023** -“1.- Faise constar que o CLUB AROSA S.C., xa ten autorizado o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez e do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para a celebración da “IX EDICIÓN DO TORNEO CIDADE DE VILAGARCÍA”, categoría benxamín, Fase Final, que se vai levar a cabo os vindeiros días 2, 3 e 4 de xuño do presente ano conforme a Resolución do Sr. presidente con data 27/01/2023.





Indicarlle que no relativo á cancelación dos adestramentos dende o día 29 de maio para a montaxe do evento, só se poderán cancelar os adestramentos do día 1 de xuño.

2.- Autorizar ao citado club, a apertura da instalación en horario de 8:00-23:00 horas. O que xenerará, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

Comunicándolle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Indicarlle que, no relativo a autorización de uso dos vestiarios, poderá autorizarse os 4 vestiarios dos Campos de Fútbol da citada instalación, así como as casetas-vestiarios que existen na parte baixa da mesma. Dado que, os devanditos días se leva a cabo competicións oficiais de Baloncesto, só é posible autorizar o uso dos vestiarios da parte baixa do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

4.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos nas inmediacións da instalación autorizada (entrada ao Estadio de Atletismo e entrada ao pavillón nº 1 do Complexo), así como o peche da Rúa Camilo José Cela dende a entrada ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

5.- Autorización de uso do local destinado a bar do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para recepción das autoridades.

6.- Comunicaselle que no relativo a limpeza do Pavillón do I.E.S. Bouza Brey durante o desenvolvemento do evento, non se pode acceder a súa solicitude dado que non é unha instalación municipal, polo que deberá facerse cargo a organización do citado Torneo.

7.- Aprobar a cesión de 6 alargadeiras, cesión de un cepillo limpa botas para a entrada no Pavillón do I.E.S. Bouza Brey, a ubicación de 6 banquillos nos campos e a cesión dos hinchables e publicidade institucional, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de



Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

Indicarlles que no relativo a colocación de bancadas supletorias nas inmediacións do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, con capacidade para 500 persoas e conforme o informe do Encargado do Servizo de Mantemento non é viable a colocación das mesmas.

8.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Servizo de Obras, a cesión de 9 carpas, 4 bancos, 18 mesas, 15 cadeiras, 150 valadas e 8 mesas de palco para o photocall, así como mesas de palco con diferentes alturas para facer de podium.
- Servizo do Auditorio, a cesión dunha megafonía.
- Servizo de alumeadado, a colocación e un punto de conexión eléctrica en ambos campos (pantalla que precisa un cetac de 32 amperios ou dúas fases de 16 amperios, para a TV, para a megafonía, para as carpas da organización, para as casetas de vendas de entradas).
- Área de Comunicación, confección e impresión de triángulos de publicidade do devandito Torneo para colocar en diferentes zonas do Concello.
- Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais.
- Concellería de Turismo, colaboración coa disposición do tren turístico unhas determinadas horas.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

10.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

10.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e





saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

10.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

10.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

11.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **12ª Resolución con data 24/05/2023** -“1.- Autorización a Dna. María Victoria Castañeiras Barreiro como directora da escola da Escola Infantil Municipal o uso do Estadio Municipal A Lomba, para a celebración da semana do deporte cos seus alumnos/as de 2 e 3 anos, o vindeiro día 25 de maio do presente ano, de 10:00-12:00 horas. Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Aprobar a cesión de balóns pequenos e porterías pequenas da Fundación de Deportes, para o desenvolvemento da devandita actividade, así como non realizar a rega ese día e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro



das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **13ª Resolución con data 25/05/2023** -“1.- Autorización ao Club Balonmano Arousa, o uso en precario do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do II CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2011-2016 (ambos inclusive), que se vai levar a cabo do 23 de xuño ao 7 xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme a Resolución do Sr Presidente con data 21/10/2022, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019 (donde se aprobou o borrador do citado Convenio Económico), nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondéndolle a esta actividade un total de 3 becas (de 30 prazas ofertadas), para a inscrición de tres alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:





5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **14ª Resolución con data 26/05/2023** -“1.- Autorización ao CLUB ATLÉTICO FAXILDE, o uso do Campo de Fútbol Municipal A Pelada, para a celebración do I TORNEO INFANTIL EDIÑOS, que se vai levar a cabo o vindeiro 11 de xuño do presente ano.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Aprobar a cesión de 2 casetas-vestiarios, 2 mesas, 1 marcador electrónico así como a publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das



dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Servizo de Obras, a cesión de 2 carpas, 100 cadeiras, 10 mesas con bancos e un palco de 12x1.

. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Son.

5.- Conceder 6 trofeos para os 6 primeiros clasificados de cada fase solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 84,70 €.(IVE incluído).

Así como, adxudicar á citada empresa, a realización do subministro para a celebración do devandito evento, por importe de 84,70 € (I.V.E. incluído) con cargo á partida 342-226,9901.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).





7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

